

## Concello de Viveiro

**BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA), CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO.**

### **1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, de 9 peóns e 1 capataz para formar parte do Servizo municipal de obras, revalorización de espazos públicos, durante nove meses a xornada dun 75%, para a realización de obras de interese xeral e utilidade social competencia desta entidade local, vinculados á resolución dictada pola Xefa Territorial, da Consellería de Economía, Emprego e Igualdade pola que se lle concede ao concello de Viveiro unha subvención de 105.476,94 € ao amparo da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021.

### **2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.**

#### **2.1.- PEÓNIS DE REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS.**

DENOMINACIÓN: **PEÓNIS DE REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS.**

NÚMERO DE PRAZAS A CONVOCAR: **NOVE (9)**

DURACIÓN DO CONTRATO: **9 MESES**

TITULACIÓN ACADÉMICA: **Non se require** titulación segundo a Disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 43 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

TIPO DE CONTRATO: **TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL.**

XORNADA DE TRABALLO: **TRABALLO A QUENDAS, INCLUIDOS SÁBADOS DOMINGOS E FESTIVOS Ó 75% DA XORNADA.**

#### **2.2.- CAPATAZ DE REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS.**

DENOMINACIÓN: **CAPATAZ DE REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS.**

NÚMERO DE PRAZAS A CONVOCAR: **UN (1)**

DURACIÓN DO CONTRATO: **9 MESES**

TITULACIÓN ACADÉMICA: **Non se require** titulación segundo a Disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 43 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

TIPO DE CONTRATO: **TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL.**

XORNADA DE TRABALLO: **TRABALLO A QUENDAS, INCLUIDOS SÁBADOS DOMINGOS E FESTIVOS Ó 75% DA XORNADA.**

### **3.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES.**

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberán:



## Concello de Viveiro

---

- Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

**(Documento asinado dixitalmente a marxe)**

